

Xoves, 26 de decembro de 2019

Núm. 246

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SALCEDA DE CASELAS

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

*DELEGACIÓN NA TENENTE DE ALCALDE A FUNCIÓN DE ALCALDE DENDE O 23
AO 29 DE DECEMBRO DE 2019, AMBOS INCLUÍDOS*

- **Expediente núm.:** 3172/2019
- **Anuncio Procedemento:** Delegacións e Avocacións de Competencias
- **Asunto:** Delegación da Alcaldesa do 23 ao 29 de decembro

ANUNCIO

O Señor Alcalde ditou o Decreto número 2019-1265, de 18 de decembro de 2019, segundo o cal:

"DECRETO

Considerando que corresponde aos Tenentes de Alcalde, en canto tales, substituír na totalidade das súas funcións e polo orde do seu nomeamento, á Alcaldesa, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións, así como desempeñar as funcións da Alcaldesa nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o/a novo/a Alcalde/sa.

Visto que durante o período que vai dende o 23 ao 29 de decembro de 2019 (ambos incluídos) por vacacións a Sra. Alcaldesa atoparase ausente do Municipio.

Por todo iso, en virtude do disposto nos artigos 23.3 de la Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de acordo cos artigos 44 e 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro,

RESOLVO

Primeiro. Delegar en na Tenente de Alcalde, Dna. VERÓNICA TOURÓN DOMÍNGUEZ a totalidade das funcións da Alcaldía, nos termos do artigo 23.3 Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, durante o período que vai do 23 ao 29 de decembro de 2019 (ambos incluídos).

Segundo. A delegación comprende as facultades de dirección e de xestión, así como a de resolver os procedementos administrativos oportunos mediante a adopción de actos administrativos que afecten a terceiros.



Xoves, 26 de decembro de 2019

Núm. 246

Terceiro. O órgano delegado ha de informar a esta Alcaldía, a posteriori, e, en todo caso, cando se lle requira para iso, da xestión realizada e das disposicións ditadas no período de referencia, e con carácter previo daquelas decisións de transcendencia, tal e como se prevé na o artigo 115 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

Cuarto. A delegación conferida no presente Decreto requirirá para a súa eficacia a aceptación do órgano delegado, entendéndose esta outorgada tacitamente si non se formula ante esta Alcaldía expresa manifestación de non aceptación da delegación no termo de tres días hábiles.

Quinto. A presente resolución será publicada no Boletín Oficial da Provincia, dándose conta do seu contido ao Pleno da Corporación na primeira sesión que esta celebre.

Sexto. No non previsto expresamente nesta resolución aplicaranse directamente as previsións da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, en canto ás regras que para a delegación se establecen en devanditas normas.”

Documento asinado electronicamente.

